


## Recuperar o nome da rúa do médico Romay no lugar de Antonio Garely

O autor reivindica a un dos doutores que combatiu o brote de cólera de 1853/54 en Cangas

### **Una gran mejora que beneficiará a todo el Morrazo** **CANGAS** **Ha sido redactado el anteproyecto del plan general de obras para el puerto cangués** **El presupuesto de contrafa se cifra en 41.469.927 pesetas**



*Noticia publicada en FARO DE VIGO o 3 de maio de 1953 sobre o dique de abrigo. // FDV*

**Antonio Graña\***

13-08-19 | Faro de Vigo-Morrazo

[https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2019/08/13/recuperar-o-nome-da-rua-15606015.html?fbclid=IwY2xjawFJiolleHRuA2FlbQixMAABHbpPXR4AnNS\\_1J5wbnNHzhShumXphoqLJLSBin0la0XPosQv5-OCP8dYw\\_aem\\_dcAYv0HDccDx7fAgaqCVPg](https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2019/08/13/recuperar-o-nome-da-rua-15606015.html?fbclid=IwY2xjawFJiolleHRuA2FlbQixMAABHbpPXR4AnNS_1J5wbnNHzhShumXphoqLJLSBin0la0XPosQv5-OCP8dYw_aem_dcAYv0HDccDx7fAgaqCVPg)

Desde principios dos anos 40, a vila de Cangas viviu unha constante batalla nos despachos madrileños do Ministerio de Obras Públicas: a necesidade de contar cun novo dique de abrigo era perentoria. Os mariñeiros, coa axuda da confraría de pescadores, corporación municipal, comercio da vila e a poboación en xeral, solicitaron dunha maneira constante e sen desánimo a ampliación do porto e dique de abrigo. Neses anos contábase somentes co espigón construído na década do 1900 (o muelle vello) e o peirao do Comercio, cuxa lonxitude era máis ben escasa. Ambos dous insuficientes dada a gran cantidade de embarcacións existentes.

Chegado o ano 1953, como resultado da presión exercida nos despachos, é redactado un proxecto que foi definitivamente aprobado o 17 de maio de 1955. Viña avalado polo Responsable de Portos de 2ª Categoría do Estado: Antonio Garely de la Cámara. Pero resulta que o seu elevado custo fixo que o Ministerio dera marcha atrás, alegando a pouca ou nula rendibilidade do proxecto neste tipo de portos.

Ante esa perspectiva Garely "recolleu velas", esqueceuse do proxecto do dique de abrigo e consecuentemente de toda a poboación canguesa que tan ben o tratara, sen molestarse o máis mínimo na busca doutras alternativas que puidesen satisfacer as xentes do mar. Todo a pesar de que o noso porto xa tiña a catalogación oficial de Porto Refuxio, pero cunha capacidade ridícula para tal fin.

Para moitos foi unha gran sorte que non prosperase tal proxecto (ano 1955), dado que vistos os planos, pecharía definitivamente Cangas ao mar pola cantidade de edificacións a construír na beiramar, tal como mostra unha nova de FARO DE VIGO datada no ano 1953. Desa quedou "salvada pola campá" a Praia do Señal, dado que estaba prevista a súa desaparición. Pero anos máis tarde, exactamente na década dos 80, non resistiu un novo asalto.

Coa ausencia de Garely e alcanzados os anos 60, por fin abríronse novas expectativas. Fíxose un novo proxecto, máis reducido, e todo iso baixo o control de Agustín de Barcena y Reus (responsable do antigo Sindicato de Pesca), ao cal lle debemos a case totalidade das instalacións portuarias existentes na actualidade. Como recoñecemento, foille imposta a Medalla de Ouro de Cangas polo entón alcalde Antonio Camiña Bastos.

Con estes antecedentes é polo que, nunha carta xa dirixida ao actual alcalde de Cangas, Xosé Manuel Pazos, deféndese a necesidade de cambiar o nome da rúa de Antonio Garely e recuperar a súa antiga denominación, na honra do médico cirurxián Francisco González Romay.

No ano 1944 foi borrado o nome da rúa Romay e no seu lugar púxose o nome de Antonio Garely. O nome da rúa Romay foi posto no ano 1845, na honra do médico cirurxián Francisco González Romay tras unha iniciativa popular, á que máis tarde sumaríase o Concello.

Francisco González Romay foi médico cirurxián en Cangas. Xuntamente co seu xefe, Leonardo Arnaud, emprenderon a loita contra o cólera morbo-asiático, desde novembro de 1853 ata finalizado 1854. Esta epidemia causou en Cangas aproximadamente 119 falecidos, a maior parte na parroquia do Hío. Algo que non pode morrer no esquecemento.

A necesidade de borrar do rúeiro da Vila o nome de Antonio Garely de la Cámara provén de que non ten senso adicar unha rúa a alguén sen significado para a vila. Garely foi enxeñeiro de Portos do Estado e persoa vencellada ao franquismo, quen prometeu ás autoridades locais a ampliación do peirao e dique de abrigo do noso porto, segundo o "Anteprojecto do Plan Xeral de Obras para o Porto de Cangas" de 1953, obra moi demandada naquel entón.

As autoridades municipais, por iniciativa de Marcelino Moldes, concedéronlle que o seu nome lucise na placa de mármore posta no lugar onde momentos antes lucía o nome do médico residente en Cangas Romay. Garely desaparece sen deixar rastro, o mesmo que o anteprojecto.

Foi necesario agardar novamente outros 13 anos (1965) para que por fin comezara o dragado dos fondos do porto e se levara a cabo o novo e demandado proxecto, que foi modificado. As obras comezaron no 1970, para que o porto tivese o aspecto que hoxe presenta. Todo grazas ao interese mostrado por Agustín de Barcena y Reus, xefe do Sindicato Nacional de Pesca, que soubo entender as chamadas feitas polo alcalde da vila Antonio Camiña Bastos. É xusto recoñecelo.

É de xustiza repoñer canto antes a placa co nome de Francisco González Romay, médico cirurxián e persoa moi vencellada a nosa historia dende o 1827, ano en que fai súa aparición en Cangas. No ano 1845 unha iniciativa insta ao Concello a que se lle outorgue unha rúa co seu nome, en compensación polo traballo realizado.

## **A súa historia**

1799. Nace na cidade fronteiriza de Tui Francisco González Romay, galeno que pasou a maior parte da súa vida laboral na vila pontevedresa de Cangas.

1827. No mes de xullo Romay aparece domiciliado na parroquia do Hío, pero con consulta na Rúa Loureiros número 21, consulta que compartía co doutor Leonardo Arnaud, o primeiro médico municipal da Vila por oposición. Non tardou Romay en ingresar como médico no Concello. pero baixo as ordes Leonardo Arnaud.

1835. Romay é nomeado Subtenente do Batallón da Garda Nacional do Morrazo (voluntarios). A documentación di que nese momento contaba con 36 anos de idade.

1838. É contratado como médico polo Gremio de Mareantes da Vila, documento que asinou nas dependencias da Axudantía de Mariña de Cangas.

1853. No mes de novembro fai súa aparición en Cangas o temido cólera morbo-asiático.

1854. Esténdese por todo o territorio municipal e con maior incidencia nas parroquias costeiras do municipio. O cólera morbo-asiático é unha enfermidade causada polas malas condicións hixiénico-sanitarias do momento e producida principalmente pola inxesta de comidas e auga en mal estado.

O mal entrara por Vigo, coa chegada a porto do vapor-correo "Isabel La Católica", que procedía das illas do Caribe. Estendeuse rapidamente por todas as vilas da ría. Foi un ano terrible para os médicos Leonardo e o seu axudante Romay Tiveron que multiplicarse para facer fronte a toda unha avalancha de requirimentos, dado o gran número de casos de afectados pola pandemia en todo territorio municipal e tamén na maior parte do territorio costeiro de Galicia. En Cangas só quedou libre do mal o lugar do Forte, que entón era un barrio totalmente illado do núcleo urbano da vila. O cronista di que ata ese lugar eran trasladados os enfermos para a súa recuperación.

1859. Cando o doutor Romay contaba preto de 60 anos, vese na obriga de dimitir como médico do Concello, ao considerar que o seu salario de 200 ducados (2.200 reais) era insuficiente pois tiña cinco fillos.

A súa dimisión non foi aceptada en principio, ata que a Corporación Municipal e mesmo a Deputación Provincial atoparon un novo médico para substituílo. O Concello de Cangas de entón consideraba lóxico que os diñeiros municipais tiveran certas preferencias, como a de custear moitos dos actos relixiosos, sobre todo os de Semana Santa. Isto contribuía en boa medida a unha carga adicional e minguar os presupostos en prexuízo da Beneficencia e da Ensinanza.

Romay seguiu exercendo como médico na Rúa Loureiros número 21. Os documentos consultados nada recollen dos últimos anos da súa existencia.

*\*Veciño de Cangas*